



.....

Pensámos: Democracia, pero que democracia?

O 15-m doce anos despois: crise do Réxime ou Restauración?

.....

Portas Ártabras - Amigos dos Museos de Galicia
A Coruña
25 de maio de 2023

40 anos coa cultura galega



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa.

A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo ficaron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes.

Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas. Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a reflexión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, *sapere aude*, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá.

Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas. Iniciado en 2019, o ciclo Pensarmos continúa en 2023 para ofrecernos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

Programa

18:00 horas
Presentación

18:15 horas
O 15-m doce anos despois: crise do Réxime ou Restauración?
Cristina Fallarás e David Rodríguez
dialogan con **Xoán Antón Pérez Lema**

Cristina Fallarás

Escritora e periodista coñecida pola súa defensa dos dereitos da muller e o seu activismo a favor da memoria histórica en España. Foi a primeira muller en gañar o Premio Hammett de novela negra con *Las niñas perdidas*.

O 26 de abril de 2018 lanzou o hashtag #Cuéntalo, onde millóns de mulleres relataron as agresións sexuais que sufriron e que supuxo un fenómeno internacional.

Traballou en numerosos medios de comunicación durante os seus máis de 30 anos de profesión, desenvolvendo actividades que abarcan desde reporteira e guionista ata directora. Neste momento exerce de analista política nas cadeas de televisión Telecinco, Cuatro, Telemadrid e TV3 e no diario *Público*. Imparte conferencias en universidades e institucións españolas e internacionais.

Autora das novelas: *No acaba la noche* (Planeta, 2006); *Así murió el poeta Guadalupe* (2009); *Las niñas perdidas* (2011); *Últimos días en el Puesto del Este* (2011); *Honrarás a tu padre y a tu madre* (2018); *El evangelio según María Magdalena* (2021); *La Loca* (2022). En non ficción publicou: *Rupturas* (2003); *A la puta calle. Crónica de un desahucio* (2013); *Ahora contamos nosotras* (2019), e en poesía: *Posibilidad de un nido* (2020).

David Rodríguez

Vigo, 1975.
Deseñador gráfico que traballa sobre todo no ámbito da edición.

Publicou teatro radiofónico: *O Bambán* (2007) e *Nunca me esqueceré de ti* (2010), poesía: *Lapidarias, os versos escuros* (2010), ensaio: *O canastro sen tornarratos. Resistencia popular na era do capitalismo sen democracia. Unha ollada galega* (2018) e literatura infantil e xuvenil: *Superavoa* (2020). En 2022 gañou a XXVI edición do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais co ensaio *Liberdades antigas, tempos modernos: o republicanismo de Castela* (2022).

Desde 2005 mantén o blog O funambulista coxo, do que editou unha escolma en papel titulada *Retomando a palabra. Das guerras culturais ao crac financeiro* (2012). En coautoría con Xurxo Martínez publicou *Marxes. Guía ilustrada do Vigo rebelde* (2021). Participou en diversos ensaios colectivos e colaborou en numerosos medios de comunicación galegos e estatais. Na actualidade escribe regularmente en *Nós Diario* e na versión en liña da revista *Luzes*, na que mantén unha sección de crítica cultural chamada «O bortel». Forma parte dos padroados da Fundación Luzes e da Fundación Galiza Sempre.

Programa

Xoán Antón Pérez Lema

Avogado en exercicio dende 1990 e socio-director de PEREZ-LEMA, AVOGADOS E CONSULTORES, S.L. dende 2009. Foi profesor da Universidade de Vigo (2000-2001), da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados (1995-1999) da Coruña e da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a funcionarios de entidades locais (1999-2001). Licenciado en Dereito e letrado asesor de Empresas pola Universidade Pontificia Comillas de Madrid (UPC-ICADE), cursou estudos de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela (“Dereito Público Galego e Comunitario Europeo”). Exerceu os cargos de secretario xeral de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Xunta de Galicia (novembro 2007-abril 2009) e xefe do Gabinete do conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta (1987-1990). Colabora como analista político en moi diversos medios de prensa, entre eles a Radio Galega e a TVG e exerce o cargo de secretario xeral da Asociación Galega de Consumidores e Usuarios (ACOUGA) dende a súa fundación no 2014.

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Pensamento

Colabora

Amigos dos Museos de Galicia - Portas Ártabras

Coordina

Celia Pereira Porto

Lugar

Portas Ártabras - Amigos dos Museos de Galicia
Rúa Sinagoga, 22, baixo
A Coruña

Asistencia

A asistencia ao acto é libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:



Colabora

